

# Bases legais da Promoción “ PLAN INVITA A UN AMIGO BOOST”

## CONDICIÓN DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás n.º 4, e provista do CIF n.º A48265169 (de agora en diante, “BBVA”) organiza a presente promoción denominada “PLAN INVITA A UN AMIGO BOOST” (de agora en diante, a “Promoción”), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as “Bases Legais”).

### 1. En que consiste esta promoción?

Esta promoción ten por obxecto incentivar:

- O envío de códigos personalizados de promoción por parte dun cliente do BBVA (de agora en diante, “Padriño BBVA”) para convidar outras persoas (de agora en diante, “Apadriñado BBVA”) a que se fagan clientes do BBVA e a que realicen unha compra coa súa tarxeta por un importe igual ou superior a 15,00€;
- E a alta de clientes (“Apadriñado BBVA”), quer de maneira presencial nas oficinas do BBVA, quer a través de bbva.es, m.bbva.es ou da aplicación móbil do BBVA (para sistemas operativos Android e iOS), empregando para iso o código personalizado de promoción facilitado por outro cliente do BBVA (“Padriño BBVA”), así como a realización dunha compra coa súa tarxeta por un importe igual ou superior a 15,00€. Este código personalizado de promoción estará limitado a dez (10) usos tal e como se explica na cláusula 6.

Cumprindo os requisitos da promoción:

- Como “Padriño BBVA” que convida outras persoas a completaren a alta de cliente no BBVA e a realizaren unha compra coa súa tarxeta por un importe igual ou superior a 15,00€, obterás unha bonificación de 15,00€ netos na túa conta;
- Como “Apadriñado BBVA” que completa o proceso de alta de cliente en liña e realiza unha compra coa tarxeta por un importe igual ou superior a 15,00€, obterá unha bonificación de 15,00€ netos na súa conta.

### 2. A quen está dirixida a Promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas maiores de 18 anos na data de inicio da Promoción, residentes en territorio español e que se desen de alta no BBVA, polas vías explicadas na cláusula 1.

Estas Bases Legais regulan a participación na Promoción de dous tipos distintos de participantes: “Padriños BBVA” e “Apadriñados BBVA”.

### 3. Quen está excluído de participar nesta Promoción?

Como “Padriño BBVA” quedarás excluído da participación na presente promoción en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo e prexubilado tanto do BBVA como do seu grupo de empresas.

Adicionalmente, como “Padriño BBVA”, tampouco podes participar na Promoción, mesmo se reúnes as condicións expresadas nas presentes Bases Legais, se durante o Período de Vixencia e ata a entrega da bonificación, es debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Nese suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción da bonificación. Se unha vez chegada a data para o ingreso da bonificación non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibila e non che será ingresada.

#### 4. Canto dura e que límite máximo de contas con bonificación ten esta Promoción?

O prazo durante o cal podes participar na Promoción dará comezo o día 1 de Xullo de 2021 ás 00:00 horas (hora peninsular española) e finalizará o día 31 de Agosto de 2021 ás 23:59 horas (hora peninsular española), ambos incluídos (de agora en diante, o “Período de Vixencia”).

#### 5. Que pasos debes seguir para poder participar na Promoción como Padriño BBVA?

Para poderes participar como “Padriño BBVA” debes cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Ser cliente do BBVA;
- Que non causes baixa como cliente BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción;
- Ter asinado o contrato multicanle do BBVA;
- Acceder á túa área privada de clientes de bbva.es (no web ou na app móbil);
- Acceder á sección “Convida un amigo” da área privada na que se encontra localizada a promoción a sinatura e que permite xerar o teu código personalizado;
- Aceptar e asinar as presentes Bases Legais da Promoción;
- Copiar e gardar o código personalizado de promoción asociado á Promoción asinada como “Padriño BBVA”;
- Compartir o código personalizado de promoción cos teus amigos interesados en seren clientes do BBVA e cumprir, en todo momento, os termos e condicións de uso aplicables aos medios utilizados para comunicar o código personalizado de promoción e sempre que o código personalizado de promoción estea dentro do número máximo de “usos” establecidos, segundo se indica na cláusula 6. Como “Padriño BBVA” debes actuar diligentemente e compartir o código personalizado de promoción unicamente entre os teus amigos que estivesen interesados en seren clientes do BBVA. Será causa de cancelación automática da Promoción, sen prexuízo do incumprimento de calquera outra condición para a participación na Promoción establecida nestas Bases Legais, que envíes de forma masiva e fraudulenta o código personalizado de promoción, así como que crees spam colectivo fóra do grupo das túas propias amizades que estivesen interesadas en seren clientes do BBVA (tal e como se indica nas cláusulas 12 e 16). Así mesmo, tampouco poderás utilizar ferramentas de envío masivo de mensaxes nin suplantar ou simular o envío do código personalizado de promoción utilizando outra persoa que non sexas ti, como “Padriño BBVA”;
- Adicionalmente, para que como “Padriño BBVA” poidas obter o Premio descrito nas presentes Bases Legais, será preciso, ademais dos requisitos indicados anteriormente, que un “Apadriñado BBVA”:
  - (i) Contratase unha Conta e unha Tarxeta a partir do código personalizado de promoción xerado e compartido por ti, como “Padriño BBVA”, sempre que o código personalizado de promoción estea dentro do número máximo de “usos” establecidos, segundo se indica na cláusula 6;
  - (ii) Cumprise cos requisitos de participación indicados na cláusula 7 seguinte;
  - (iii) Cumprise calquera outra obriga prevista nas Bases Legais.

#### 6. Como “Padriño BBVA”, cal é o teu código personalizado de promoción?

O teu código personalizado de promoción, como “Padriño BBVA”, que é xerado a partir da contratación e sinatura que realizas da presente Promoción e que se regula por estas Bases Legais, igualmente asinadas, é:

- Código personalizado de promoción:

Este código personalizado en ningún momento incluírá datos de carácter persoal e, igualmente, ti como “Padriño BBVA” serás responsable de compartir este código personalizado cos teus “Apadriñados BBVA” non clientes. Así mesmo, á hora de compartir este código personalizado cos teus “Apadriñados BBVA” non clientes, como cliente “Padriño BBVA” serás responsable do tratamento dos datos de carácter persoal destes (“Apadriñados BBVA” non clientes) que se realice fóra da plataforma do Banco.

Este código personalizado de promoción terá un límite de 10 usos, considerando como “uso” o emprego que realizan os “Apadriñados BBVA” deste código ao se adheriren á promoción. Unha vez alcanzado o número máximo de usos, este código personalizado de promoción quedará inhabilitado por parte do BBVA e non poderá ser utilizado en novos procesos de alta de clientes asociados a esta promoción.

## 7. Que pasos deben seguir os teus amigos "Apadriñados BBVA" para poderen participar na Promoción?

Para que os teus amigos poidan participar como "Apadriñado BBVA" na Promoción deben seguir os seguintes pasos:

- Non ser cliente do BBVA;
- Que non causase baixa como cliente BBVA durante os seis (6) meses anteriores ao comezo da Promoción;
- Aceptar as Bases Legais da Promoción durante o "Período de Vixencia" e:
  - Informar e validar no campo "Código promocional", do proceso de alta de clientes, o código personalizado de promoción que un "Padriño BBVA" xerarse e compartise con el;
  - Darse de alta no BBVA contratando unha conta (de agora en diante, a "Conta BBVA") máis a Tarxeta Aqua Débito/Crédito (de agora en diante, a "Tarxeta"). Se os teus amigos "Apadriñados BBVA" completan o proceso de alta como novos clientes non desde unha oficina, senón desde bbva.es, m.bbva.es ou a aplicación móbil do BBVA (sistemas iOS e Android), esta promoción estará asociada á contratación da " Conta Online Sen Comisións" e da "Tarxeta Aqua Débito", quedando excluída a "Conta Online para mozos".
  - Activar a súa Tarxeta;
  - Realizar unha (1) compra coa Tarxeta BBVA por un importe igual ou superior a 15,00€. O mencionado importe da compra de 15,00€ debe ser dunha (1) única compra, non do sumatorio de varias compras que como "Apadriñado BBVA" puidese realizar coa Tarxeta do BBVA;

Os teus amigos, como "Apadriñados BBVA", disporán dun prazo máximo de trinta (30) días naturais desde a sinatura do contrato da conta para procederen ao envío da información e documentación solicitada polo BBVA para a contratación e alta da conta BBVA e, en consecuencia, a súa entrada en vigor. Se transcorrido ese prazo, a conta BBVA non estivese operativa, porque non se puido dar de alta por falta da información e documentación solicitada, a Promoción quedará cancelada para os teus amigos ("Apadriñados BBVA").

Unha vez adheridos á promoción, os "Apadriñados BBVA" disporán dun prazo máximo de tres (3) meses para realizaren unha compra de importe igual ou superior a 15,00 € coa súa Tarxeta BBVA. En caso de non realizaren esta compra durante este período, a promoción quedará cancelada para os teus amigos "Apadriñados BBVA".

Cada convite, proceso de adhesión e liquidación do Premio de cada "Apadriñado BBVA" é independente con respecto a outros convites xerados e enviados polo "Padriño BBVA".

Os teus amigos "Apadriñados BBVA" recibirán o Premio desta Promoción sempre que completasen o proceso de alta de cliente do BBVA a partir dun código personalizado de promoción válido, compartido por ti, o seu "Padriño BBVA", sempre que estea dentro do número máximo de "usos" establecidos, tal e como se describe na cláusula 6 e, ademais, cumpran cos requisitos asinados e especificados nas Bases Legais da Promoción e con independencia de que ti, como "Padriño BBVA", excedeses o número máximo de premios que se poden recibir ou deixes de cumprir coas condicións esixidas nestas Bases Legais como "Padriño BBVA".

## 8. Que premio recibirán os teus amigos como "Apadriñado BBVA" e ti como "Padriño BBVA"?

No caso de que ti e os teus amigos cumprades coas condicións de participación como "Apadriñado BBVA" e "Padriño BBVA" recibiredes respectivamente como "Premio":

- Como "Padriño BBVA" unicamente terás dereito a obter un Premio de 15,00€ netos por cada un dos "Apadriñados BBVA" que cumprisen con todas e cada unha das condicións establecidas nas presentes Bases Legais, ata un máximo de 10 Apadriñados BBVA e un importe máximo de premios que se pode recibir de 150,00€ netos.
- Os teus amigos "Apadriñados BBVA" recibirán (cada apadriñado) quince (15) euros netos (15,00€ brutos), sempre que estea dentro do número máximo de "usos" establecidos para o código promocional, segundo se indica na cláusula 6.

A participación e cumprimento das condicións establecidas nas Bases Legais por máis de 10 "Apadriñados BBVA", a través do código personalizado de promoción xerado por un mesmo "Padriño BBVA", non che dará dereito como "Padriño BBVA" a obter tantos Premios como Apadriñados BBVA cumprisen as condicións de participación establecidas nas Bases Legais.

O ingreso do Premio estará supeditado ao cumprimento por parte do "Padriño BBVA" e do "Apadriñado BBVA" das condicións previstas nas Bases Legais.

O BBVA ingresará o premio na conta BBVA titularidade do "Padriño BBVA" e na conta BBVA titularidade do "Apadriñado BBVA", previa verificación das condicións establecidas nas Bases legais e unha vez pasados un mínimo de 45 días e ata un máximo de seis (6) meses desde a primeira compra realizada coa Tarxeta BBVA do "Apadriñado BBVA" por importe igual ou superior a 15,00€.

O Premio non será susceptible de cambio, alteración ou compensación a pedimento do "Padriño BBVA" ou do "Apadriñado BBVA". En caso de rexeitamento do Premio non se ofrecerá ningún alternativo.

No suposto de non existiren participantes, o BBVA poderá declarar deserta a Promoción.

## 9. Como se notifica o Premio?

A comunicación da bonificación, tanto ao "Padriño BBVA" como ao "Apadriñado BBVA" realizarase a máis tardar aos seis (6) meses contados desde a data en que o "Apadriñado BBVA" realice a primeira compra coa súa Tarxeta por un importe igual ou superior a 15,00€.

Realizarase mediante o propio ingreso da bonificación na conta, co concepto "Bonificación Promoción comercial".

## 10. Que acontece en caso de incumprimento das condicións da Promoción?

No suposto de que como "Padriño BBVA" ou "Apadriñado BBVA" incumprídeses calquera das condicións establecidas nestas bases legais, a promoción quedará cancelada para o participante que incumpra.

No caso de incumprimento por parte do "Apadriñado BBVA", se este xa recibise o premio, terá a obriga de devolve-lo. O BBVA realizará un cargo polo importe do premio entregado na conta na que se realizase o ingreso do premio.

Unha vez incumpridas as presentes Bases Legais, a Promoción quedará cancelada para o participante infractor, aínda que con posterioridade cumpra as condicións desta.

## 11. Como podedes aceptar as Bases Legais?

A aceptación das presentes Bases Legais, como "Padriño BBVA" e "Apadriñado BBVA", supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a súa interpretación.

O BBVA resérvase o dereito de descualificar, segundo o seu criterio exclusivo, calquera participante que manipule, intente manipular a Promoción ou viole calquera dos termos e condicións das presentes Bases Legais.

O BBVA poderá adoptar todas as decisións necesarias para a resolución das controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non prexudiquen indebidamente os participantes e resulten equitativas.

No suposto de que os participantes non cumprades as condicións de participación anteriores aplicables, respectivamente, como "Padriño BBVA" ou "Apadriñado BBVA", ou non cumprades con todos os requisitos establecidos nestas Bases Legais, non teredes dereito a recibirdes o Premio nos termos establecidos nelas.

## 12. Que acontece en caso de fraude?

No caso de que o BBVA, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción, detecte calquera anomalía ou sospeite que un participante está impedindo o normal desenvolvemento desta, poderá de forma unilateral eliminar a intervención dese participante. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr o premio de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar do rexistro calquera participante que evidencie ou do que se sospeite unha actuación irregular no sentido descrito.

Entenderase por posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa aquela na que o "Padriño BBVA" comparta o código personalizado de promoción de maneira aberta en foros, redes sociais ou en calquera medio de divulgación masiva que se encontre fóra do grupo das súas propias amizades.

### 13. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos doce (12) meses desde a data de finalización do Período de Vixencia.

### 14. Como “Padriño BBVA”, que tratamento dará o BBVA aos teus datos de carácter persoal?

O “Padriño BBVA” é informado de que os datos persoais que se faciliten con motivo da participación na presente Promoción, incluídos aqueles que se faciliten en caso de resultar gañador, serán obxecto de tratamento por parte do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., con domicilio na Plaza de San Nicolás 4, 48005, Bilbao, coa finalidade de poder levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción, así como xestionar a entrega do Premio nos termos previstos nas presentes Bases.

Os seus datos persoais son tratados segundo o disposto na normativa aplicable en materia de protección de datos persoais e servizos da sociedade da información, polo tanto, gárdanse as medidas técnicas, organizativas e de seguridade necesarias para garantir a confidencialidade destes e para evitar a súa alteración, perda e tratamento ou accesos non autorizados.

O BBVA informa o “Padriño BBVA” do seguinte:

- Os datos persoais serán conservados durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizada, quedarán bloqueados durante os prazos de prescrición legal, con carácter xeral dez anos. Transcorridos os prazos de prescrición legal, os datos serán destruídos.
- A base legal que nos permite tratar os datos persoais é o consentimento que nos presta ao participar nesta Promoción mediante a aceptación das presentes Bases.
- Non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que esteamos obrigados por unha lei ou recibísemos o consentimento.
- O “Padriño BBVA” poderá exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade mediante comunicación dirixida a [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com), acompañando cunha copia do DNI ou pasaporte a solicitude. O exercicio destes dereitos non terá carácter retroactivo.
- En caso de que o “Padriño BBVA” considere que os seus datos persoais non foron tratados de acordo coa normativa, pode contactar co delegado de protección de datos do Grupo BBVA no enderezo [dpogrupobbva@bbva.com](mailto:dpogrupobbva@bbva.com). Non obstante, poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

### 15. Que fiscalidade ten o Premio?

Tanto para o “Padriño BBVA” como para o “Apadriñado BBVA”, o importe da bonificación podería ter implicacións fiscais, por tanto, deberían telo en conta para a declaración da renda.

En caso de dúbida, consulten co seu asesor fiscal.

### 16. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante, se houberse sospeitas dunha manipulación incorrecta da Promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que se poidan deber á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

Igualmente, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que poidan derivar do envío masivo e fraudulento do código personalizado de promoción, así como da xeración de spam colectivo (publicación en foros, redes sociais e medios de divulgación masiva) fóra do grupo das propias amizades do “Padriño BBVA” que estivesen interesadas



en seren clientes do BBVA.

O BBVA queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nas presentes Bases Legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, comprometéndose a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

No caso de que calquera cláusula destas Bases Legais sexa declarada nula ou inválida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por ela.

#### **17. Lexislación e foro**

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais do cliente.